

SON AXUDANTE: CUMPRO E ENSINO AS NORMAS

Cumpro e ensino a tódolos usuarios da biblioteca as 5 normas:



1. Non molestamos aos demais.

Se temos que falar só podemos facelo
"con voz de biblioteca".



2. Andamos amodiño.

3. Coidamos todo o que hai:

. O mobiliario, os libros, os ordenadores, os bonecos de peluxe...

4. Entramos sen comida, sen bebida e sen mochila.

. Deixamos nos percheiros da entrada a equipaxe ben colocada.

. Non comemos nin bebemos dentro.

5. Deixamos todo ordenado antes de sair.

. Recollemos sempre 5 minutos antes para que nos dea tempo.

. Deixamos a mesa e o chan limpos.

. Non deixamos cousas esquecidas : a biblioteca non pode gardar todo o que nos vai quedando atrás.



GUÍA 2008 - 2009



SON AXUDANTE E SEI QUE NOS RECREOS...

Merendamos antes de entrar á biblioteca. Podemos facelo no patio e logo entrar informando ao profe da porta, ou tamén no *punto de merenda* que está debaixo da escaleira, pero nunca merendamos no corredor de entrada á biblio.



Todos os nenos podemos estar todos os recreos que queiramos na biblioteca, non sendo que se poña a chover: neste caso **os axudantes pedísmoslles aos compañeiros que vaian para a súa aula e marchamos nós de últimos.**

Non xogamos no punto de merenda, para iso está o patio. Calquera mestre ou vixiante de biblioteca pode enviarnos ao patio se non cumprimos esta condición !!

No recreo entramos na biblioteca cando queremos e tamén saímos cando queremos, pero... non debemos pasar o recreo entrando e saíndo !!



SON AXUDANTE E ...

- ***Comprométome a selo por un curso completo.***
- Se algún día que me toque turno non podo ir, intento buscar outro axudante que queira ir por min.
- ***Nada máis entrar na biblio poño o chaleco verde de axudante.***
- Sempre uso boas maneiras: non me enfado, nin rifo cos compañeiros.
- ***Cando estou de turno, non desatendo o coidado da biblio.***

- Mentres estou de turno, AXUDO a:
 - . cumprir as 5 normas
 - . localizar libros que me piden os compañeiros
 - . colocar correctamente no seu estante os libros que están no carriño
 - . gardar os libros estragados na porta do armariño que pon REPARAR
 - . facer as actividades que me piden os mestres do Equipo de Biblio.



- ***Se nalgún momento durante o recreo alguén non respecta algunha das 5 normas:***

- . ***A PRIMEIRA VEZ, explícolle como ten que facer***
- . ***A SEGUNDA VEZ, recórdolle que ten que facer***
- . ***A TERCEIRA VEZ, invítolle a saír da biblioteca***

- Se non obedecera, e nese momento non hai ningún mestre na biblioteca a quen pedir axuda, **NON ME ENFADO**, deixo que quede na biblioteca, e anoto na Axenda o que pasa. Algún mestre do Equipo de Biblioteca falará con el ou ela cando lea o que anotei.